

Niega la ocupación de una plaza en Deán y asegura que el terreno es de su propiedad

RIBEIRA La vecina del barrio ribeirense de Deán Grande que se ve aludida en la moción del PSOE local que denuncia la "ocupación" de una pequeña plaza pública dotada de servicios por el Concello desde hace tres décadas, niega haberse apropiado indebidamente de ningún terreno, asegura tener "toda la documentación en regla" y atribuye el origen de la polémica a un con-

flicto "provocado por otra vecina". Así, la mujer dice que esa persona "accedía a su casa a través de la finca de un señor que vive en EEUU, pero cuando éste la vendió, el nuevo propietario le prohibió el paso, por lo que, desde entonces, esa señora empezó a entrar a través de mi terreno". Según añade, "ella dice que es público, pero no lo es; yo compré un cobertizo, y otro lugareño retranqueó

unos metros para que pudiésemos pasar con el coche. Yo tengo mis bienes perfectamente registrados y todos los permisos y documentos que lo acreditan". También indica que la persona en cuyo testimonio se basó el PSOE para instar al Ayuntamiento a defender una supuesta titularidad pública "es muy problemática y la denuncié ya 4 veces por insultos, agresiones, daños, etc". s. s.



Concurrido espectáculo do mago Charly Braun en Noia

NOIA Medio cento de rapazas e rapaces achegáronse onte aos soportais do Coliseo Noela, en Noia, para desfrutar do espectáculo do mago Charly Braun, que os sorprendeu cos seus trucos. Unha sesión na que tamén algunha das pequenas participantes formou parte activa facendo ás veces de colaboradora improvisada. s. s.

28 AC BARBANZA ~ MUROS ~ NOIA

EL CORREO GALLEGO

MIÉRCOLES
7 DE AGOSTO DE 2019

Inician un plan para protexer no Barbanza á pillara papuda

En praias da zona vive un 40 % da poboación galega da especie

SUSO SOUTO
Ribeira

A organización non gubernamental SEO BirdLife, dedicada á conservación das aves e da natureza, vai iniciar un proxecto para a conservación da pillara das dunas (chorlitejo patinegro) nas praias de Ribeira, Boiro, A Pobra, Noia e O Son, donde se concentra entre o trinta e o corenta por cento da poboación

galega de dita especie. A península do Barbanza é a área xeográfica máis importante de Galicia para este ave de pequeno tamaño, considerada vulnerable polo Libro Vermello das Aves de España e que figura no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

O plan, que desenvolverá o grupo local SEO-Pontevedra, coa participación de voluntarios e profesionais da ONG, contará tamén coa



Exemplar de pillara papuda, especie catalogada como ameazada e que vai ser obxecto dun plan de protección. Foto: SEO BirdLife

colaboración da delegación da organización conservacionista en Asturias.

As accións de conservación, que contan co financiamento da Deputación da Coruña, desenvolveranse coincidindo principalmente co período reprodutor da especie e coa época de

maior afluencia de turistas ás praias galegas. Entre os seus obxectivos destacan favorecer a participación na súa protección por parte das institucións e actores públicos relevantes cun impacto nos areas prioritarios da comarca barbanzá.

Ademais, contribuirá á

preservación dos niños nas mesmas e a sensibilizar e informar á poboación adulta e infantil sobre a importancia de levar a cabo estas medidas. A área de traballo inclúe parte da costa norte da ría de Arousa e a sección occidental que vai desde o Parque Natural de

Corrubedo ata Noia. A poboación galega invernante ten unha ampla distribución, especialmente en zonas intermareais, calas, praias e estuarios. Pero durante o período reprodutivo (entre abril e agosto), só ocupa praias con dunas de vexetación dispersa.

Cólanse na planta medioambiental lousamiá 1,5 toneladas de aparellos electrónicos ó ano

Lousame. O Complexo Medioambiental Serra do Barbanza, sito en Lousame, alertou onte de que máis de 1,5 toneladas de residuos de aparellos electrónicos e eléctricos aparecen cada ano mesturados co resto de residuos. Tras lembrar a prohibición de depositalos nos colectores da rúa, advirten que conteñen elementos contaminantes na súa composición que afectan negativamente ao medio ambiente e á saúde, como os metais férricos, os plásticos, o cobre ou o aluminio.

Ademais, a dirección de dita instalación denuncia que a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza ten concedidas dúas liñas de axuda dende 2017, que

ascenden a 184.00 euros e cos que "a día de hoxe, aínda non se levou a cabo ningunha iniciativa".

As subvencións concedidas son, por unha banda, para mellorar a recollida separada de biorresiduos cunha dotación de 147.00 euros, mediante campañas de sensibilización orientadas ao sector hostaleiro, mercados ou comedores escolares para optimizar a separación dos restos orgánicos e así obter compost, con achegas de ecocubos e material didático, así como tamén para impulsar a recollida da fracción vexetal para destinar á planta de compostaxe e ciclos de formación a responsables da administración local e en centros de ensino.

E, por outra, para a implantación da compostaxe caseira e comunitaria (case 38.000 euros) instaurándoa de xeito individual (viviendas con hortas) e comunitaria nos concellos mancomunados, así como para a formación e seguimento dos proxectos.

Neste sentido, en representación do mencionado complexo lousamián, Benito García lamenta que na actualidade "non hai constancia da posta en marcha de ningunha das dúas liñas de axudas e hai que ter en conta o prazo de execución das mesmas, que segundo a convocatoria era de 24 meses cunha prórroga doutros 6 máis, a partires da transferencia do financiamento". s. SOUTO


Lorenzo
Abogados
Tel. 981 594 702
General Pardiñas, 20-3º
Santiago de Compostela
www.lorenzoabogados.com

SABIN
ABOGADOS
AVDA. DE FERROL, 7-4º A
Santiago de Compostela
981 572 053
981 563 109
sabinabogados@sabinabogados.es
www.sabinabogados.es

PARKING
FRAGA
P
Céntrico • Económico • Cómodo
Alfredo Brañas, 10 • Santiago
T. 981 593 435

La publicidad
vende...
Anúnciese en
CorreioGallego